



Propostas similares teñense presentado en outras Cámaras autonómicas por forzas políticas de todo o arco parlamentario.

OS ENXEÑEIROS GALEGOS PIDEN AO PPdG QUE ELEVE UNHA INICIATIVA PARA QUE O PARLAMENTO GALEGO EXIXA AO GOBERNO DE ZAPATERO QUE SE MANTEÑA O VISADO COLEXIAL DOS TRABALLOS DE ENXEÑARIA E ARQUITECTURA.

Preténdese que o PSdG realice idéntica proposta por sí só ou formulándoa conxuntamente con o PPdG, tal como ten ocorrido na Asemblea de Extremadura.

A Coruña, 29 de xullo de 2010.

Edmundo Varela Lema, Presidente do CGETI, dirixiuse a Alberte Nuñez Feixóo, na sua calidade de Presidente do PPdG solicitándolle que o seu Grupo no Parlamento de Galicia presente unha MOCIÓN na que a cámara galega inste ao Goberno de España a manter o VISADO PROFESIONAL de todos os traballos de enxeñaria e arquitectura, con o proceso de diálogo que sexa preciso entre consumidores, profesionais e administración. O PARTIDO POPULAR formulou iniciativas similares en outras cámaras autonómicas, resaltando a que presentou na Asemblea Rexional de Murcia. Tamén a Asemblea de Extremadura recebeu iniciativa de semellante signo, mais feita conxuntamente por os grupos do PP e do PSOE desa Comunidade. Inclusive o Grupo de IU-LV-CA no Parlamento de Andalucía elevou sua propia iniciativa en aquela Comunidade.

O Presidente dos Enxeñeiros Técnicos Industriais galegos, animou a que o PARTIDO POPULAR DE GALICIA emprenda esa iniciativa parlamentar considerando que as consecuencias da eventual posta en práctica por parte do GOBERNO ESPAÑOL da voluntariedade de realizar ese trámite son de extrema gravidade, à marxe das dificultades para o mantemento das funcións legais dos propios Colexios e do persoal ao seu servizo, residindo na ausencia de seguranza xurídica para os cidadáns, promotores ou consumidores, no descontrol e intrusismo profesional, e na caótica situación na que se vería inmersa a propia tramitación destas importantes documentacións nas AA. PP. Autonómica e Local.

Nas suas demandas o Presidente dos Enxeñeiros Técnicos Industriais galegos representa tamén aos Decanos dos Colexios Oficiais de Enxeñeiros Industriais, e de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia, que teñen amosado conxuntamente sua inqueda e preocupación como colectivos afectados pola eventual desaparición do acto oficial de visado de traballos profesionais nos respectivos Colexios dentro do proceso de desenvolvemento das Leis 1/2010 de 11 de febreiro, (autonómica), e 25/2009 de 22 de decembro (estatal).

Os Enxeñeiros galegos emplazarán tamén ao Secretario Xeral do PSdG, Pachi Vázquez para que o seu Grupo no Parlamento realice moción de contido análogo.